

RESOLUCIÓN REITORAL DE 27 DE FEBREIRO DE 2023 POLA QUE SE RESOLVE A TERCEIRA EDICIÓN DO DISTINTIVO DE IGUALDADE DESTINADO ÁS ESCOLAS, FACULTADES E CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Publicada a Resolución reitoral de 14 de setembro de 2022 pola que se convoca a terceira edición do Distintivo de Igualdade destinado ás escolas, facultades e centros da Universidade de Vigo esta Reitoría.

RESOLVE

Considerando o resultado da reunión mantida o 02 de febreiro de 2023 pola comisión avaliadora, conceder o Distintivo de Igualdade 2023 seguindo os criterios do punto 6 das bases que regulan a convocatoria da concesión do distintivo de igualdade para facultades, escolas e centros propios que pertencen á Universidade de Vigo, à **Facultade de Dereito, Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e Centro de investigaciónatlanTTic**

CENTRO	TOTAL
Facultade de Dereito	89
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	87
Centro de investigaciónatlanTTic	86
Centro de Investigación CINTECX	76

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte da súa publicación (ou desde o día seguinte a ter recibido a súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou desde o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, a 27 de febreiro do 2023.

O reitor